

FLORENCIO MARTÍNEZ VÁZQUEZ, "FLORENCIO DE ARBOIRO"

1947, Arboiro, Ourense.

Escultor e monitor de artes plásticas no Sanatorio Psiquiátrico de Toén. Herdou do seu avó Nicanor o amor pola escultura, así como o taller de Arboiro, lugar onde dun xeito autodidacta comezou a aprender esta arte. Os seus materiais preferidos son a pedra e o bronce, e a súa fonte de inspiración é a natureza, a vida da súa terra. Isto queda plenamente representado na súa obra. Esculturas como a escola, o segador, o afiador, o serranchín, as aguias, as meigas, dan exemplo da identificación de Florencio co lugar que o viu nacer. Dentro desta compenetración naceu o interese por recuperar ferramentas de traballo da nosa terra, e dentro destas ferramentas unha en especial, A RODA DE AFIAR.



Florencio e Xavier diante da escultura do afiador.



Na percura do museo do afiador II

APARELLOS RELACIONADOS COAS RODAS DE AFIAR

Florencio de Arboiro


Debuxos: **Luís Cid**

Cando empecei coa teima das rodas de afiar non sabía até onde ía chegar esta miña afición. Primeiro foron as rodas propiamente ditas, despois viñeron as bicicletas adaptadas, máis tarde seguiron as motocicletas e rematei, como non podía ser doutro xeito, recollendo todo tipo de aparello utilizado no labor do afiado.

Do que nun principio podería ser considerado como unha simple colección de rodas de afiar, pasei a facerme con unha colección de aparellos utilizados nesta laboura, e o meu interese específico pola figura do afiador foi aumentando paulatinamente até chegar a abranguer a

tódalas persoas e profesións relacionadas dalgún xeito co mundo do afiado. Así desde o simple paisano que emprega a súa pedra de Albar para afiar as ferramentas de traballo na súa casa, até a figura do zapateiro ou carpinteiro que tiña o aparello para a mesma laboura, pasando pola figura dos cesteiros ou cordeiros ambulantes que se desprazaban co seu esmeril, entraron a formar parte deste meu mundo máxico, centro máximo do meu interese e fonte inesgotable de íntimas satisfaccións.

Aquela profesión que nun principio fora, como se ten dito moitas veces, un xeito de gañarse a vida, ambulante e un tanto aventureira, servíndose da roda como único instru-



mento de traballo, **pouco a pouco foi evolucionando e adaptándose en moitos casos aos avances da técnica, xurdindo deste xeito aparellos semi-indus-**

triais que facilitaban o traballo do afiador, e lle permitían uns ingresos que co xeito tradicional de afiar ambulante serían impensados.






Moitos deses afiadores ambulantes remataron sendo propietarios de industrias da coiteleira ou do afiado. **Cóntanse por ducias e cecais centos os afiadores establecidos con negocio industrial** e espallados por cáseque tódolos paí-

ses onde os nosos compatriotas afiadores exerceron a súa profesión ambulante.




Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Castro Caldelas - Ourense




Aparello dun ferreiro de Castro Caldelas. Utilizábao para afiar a ferramenta. Chámanlle molexón e estaba fixo na frágua. Os aprendices dábanlle á palanca mentras o ferreiro afiaba. As moas viñan da provincia de Lugo, eran de pedra natural. Empregábana sempre con auga, ben deixándoa caer sobre a moa, ben colocándoa por riba dun recipiente que ía humedecendo a moa a medida que ía xirando. Este tipo de moa pesaba aproximadamente uns cen quilos. Por ise motivo estaba fixa na fragua, arrimada a unha parede ou ben asentada no chan.

Pertenceu ao Sr. Aurelio de Medos, ferreiro que estaba á vinza cos labregos. Estes pagábanlle unha determinada cantidade de gran ao ano e el afiáballe a ferrameta gratuitamente. Cando requerían os seus servizos, adicábanlle o día e eles tiñan que lle axudar. Cando lles facía ferramenta nova, cobráballes en diñeiro. Isto non acontecía sómentes cos ferreiros, pasaba tamén en outros oficios. En Vilariño de Conso, aínda funcionaba este sistema polos anos sesenta.




Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Vimieiro - Castro Caldelas - Ourense.

Aparello que pertenceu a un labrego de Castro Caldelas. Utilizábase para afiar todo tipo de ferramenta de corte empregada tanto na casa como nas labours do campo. Estaba fixo nalgunha dependencia da casa. Aínda hoxe hai labregos que o seguen utilizando. Afiaban a ferramenta antes de ir traballar. A moa xiraba movida por un pedal. As casas de certa entidade sempre o tiñan e as que non podían chegar a un utilizaban o de algún veciño. A este aparello tamén se lle chama molexón.



Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: O Reino - Piñor de Cea - Ourense.

Aparello utilizado na fábrica de curtidos da viuva de Modesto Blanco no Reino. Empregábano para afiar ferramenta da fábrica, hoxe desaparecida. O volante –todo el de madeira– está feito da roda dun coche de principios de século. Funciona a pedal e utiliza unha pedra moi pequena. Estaba fixo na fábrica de curtidos.



Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Leiro - Ourense.

Aparello de Zapateiro e zoqueiro que pertenceu a Armando Rei Oliveira, de Leiro. Foi usado para afiar a ferramenta e máis para devastar as solas dos zapatos. O volante, o mesmo que o anterior, está feito coa roda dun coche. Era movido por un aprendiz ou axudante que lle daba á manivela mentras o zapateiro preparaba o material. Por ese motivo o volante está bastante separado da moa.




Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Aranda del Duero - Burgos.

Aparello de taller de afiar. Recuperado en Aranda del Duero na casa SAMPIL. Utilizábase para rectificar as máquinas de trasquilar, e as de cortar o pelo. Afía cun disco plano movido por un sistema de poleas. Aparello industrial francés.

Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Leiro - Ourense.



Aparello de zapateiro empregado polo fillo de Armando Rei Oliveira, Manuel Rei Losada. Recuperado en Leiro. Construído completamente por un carpinteiro. Feito exclusivamente para o traballo da zapatería. Ten unha repisa onde colocaban os zapatos que se ían a preparar, evitando así a perda inútil de tempo.








Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Castrelo - San
Xoán de Río - Ourense.

Torno que no seu tempo pertenceu ao Sr. José Pérez "Xaniño" de San Xoán de Río, que sendo carpinteiro de profesión facía rodas por encargo. Utilizáboo indistintamente para tornear e facer pezas de rodas ou para afiar as ferramentas da carpintería, acoplándolle unha moa.



Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Burgo - Castro Caldelas -
Ourense.

Aparello fixo para afiar na casa. Feito por un afiador á volta de Castela. Está adaptado a partires do soporte dunha bicicleta de afiar, acoplado a unha estrutura de madeira, á que se lle incorporou posteriormente un motor industrial.





Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Procedencia diversa.

Esmeriles. Eran empregados por ambulantes de distintos oficios que precisaban ferramenta de corte: cesteiros, carpinteiros, etc. Importados a partires dos anos 20. Amarrábanse a un banco e afiábanse no momento oportuno independentemente do lugar onde estivese traballando o seu propietario.

Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Chandrexa de Queixa

Aparello utilizado polo Sr. Santos Diéguez para afiar na casa a propia ferramenta. Acoploulle o motor mercado en Ourense.








Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Arboiro - San Xoán de Río - Ourense

Aparello feito polo Sr. Nicanor de Arboiro, avó do coleccionista. Empregábase para afiar as súas ferramentas. Pegábase a todo: carpinteiro, reloxeiro, mecánico, tallista... Afiaba e torneaba. Utilizaba un caixón de ferramenta especial, construído por el mesmo. Era tan mañoso e detallista que lle fixo un rebaixe onde escondía as moedas.

Propiedade: Florencio de Arboiro.
Lugar de orixe: Sabugueiro de Abaixo - S. Xoán de Río - Ourense

Pertenceu ao Sr. Felisindo Domínguez, veciño de Sabugueiro de Abaixo, San Xoán de Río. Zapateiro de profesión, empregábase para devastar as botas e os zapatos que fabricaba. Morreu no Brasil.



Propiedade: Florencio de Arboiro
Lugar de orixe: Prado Albar - Vilariño de Conso - Ourense

Pedras de asentar, "Pedra Albar". Reciben o seu nome do lugar de procedencia, Prado Albar, en Vilariño de Conso. Os labregos levábanas nunha saca ao monte cando tiñan que traballar con ferramenta de corte. Era unhas pedra de moita aceptación e uso cotián.